



## Departamento de Lingua Galega e Literatura

### PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA Curso 2020-2021



Lingua Galega e Literatura I ([1º Bacharelato](#))  
Lingua Galega e Literatura II ([2º Bacharelato](#))  
Segunda Lingua Estranxeira I-Portugués ([1º Bacharelato](#))  
Segunda Lingua Estranxeira II-Portugués ([2º Bacharelato](#))  
Ámbito de comunicación ([Módulo III da ESA](#))  
Ámbito de comunicación – Inglés ([Módulo III da ESA](#))  
Ámbito de comunicación – Francés ([Módulo III da ESA](#))

## Índice dinámico

1. <a href="#">Introducción e contextualización</a> .....	5
1.1. <a href="#">Introdución</a> .....	5
1.2. <a href="#">Contextualización</a> .....	7
2. <a href="#">Aspectos específicos da materia Lingua Galega e Literatura I (1º de Bacharelato)</a> .....	9
2.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</a> .....	9
2.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave</a> .....	9
2.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	12
2.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	23
2.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación</a> .....	25
2.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	53
2.4.1. <a href="#">Materiais en formato físico</a> .....	53
2.4.2. <a href="#">Materiais en formato dixital</a> .....	53
2.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliação e a cualificación</a> .....	54
2.5.1. <a href="#">Criterios de avaliação</a> .....	54
2.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	57
2.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliações</a> .....	57
2.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	59
2.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	59
3. <a href="#">Aspectos específicos da materia Lingua Galega e Literatura II (2º de Bacharelato)</a> .....	61
3.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</a> .....	61
3.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave</a> .....	61
3.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	64
3.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	75
3.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación</a> .....	77
3.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	95
3.4.1. <a href="#">Materiais en formato físico</a> .....	95
3.4.2. <a href="#">Materiais en formato dixital</a> .....	95
3.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliação e a cualificación</a> .....	96
3.5.1. <a href="#">Criterios de avaliação</a> .....	96
3.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	99
3.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliações</a> .....	99
3.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	100
3.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	101
4. <a href="#">Aspectos específicos da materia Segunda Lingua Estraneira – Portugués I (1º de Bacharelato)</a> .....	102
4.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</a> .....	102

4.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	102
4.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	105
4.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	115
4.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación</a> .....	117
4.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	131
4.4.1. <a href="#">Materiais en formato físico</a> .....	131
4.4.2. <a href="#">Materiais en formato dixital</a> .....	131
4.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliação e a cualificación</a> .....	132
4.5.1. <a href="#">Criterios de avaliação</a> .....	132
4.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	136
4.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliações</a> .....	136
4.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	137
4.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	137
5. <a href="#">Aspectos específicos da materia Segunda Lingua Estranxeira – Portugués II (2º de Bacharelato)</a> .....	139
5.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	139
5.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	139
5.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	142
5.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	153
5.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación</a> .....	155
5.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	169
5.4.1. <a href="#">Materiais en formato físico</a> .....	169
5.4.2. <a href="#">Materiais en formato dixital</a> .....	169
5.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliação e a cualificación</a> .....	169
5.5.1. <a href="#">Criterios de avaliação</a> .....	169
5.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	172
5.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliações</a> .....	172
5.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	173
5.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	173
6. <a href="#">Aspectos específicos da materia Ámbito da Comunicación (Módulo III da ESA)</a> .....	175
6.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	175
6.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	175
6.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	178
6.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	184
6.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación</a> .....	187
6.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	199
6.4.1. <a href="#">Materiais en formato físico</a> .....	199
6.4.2. <a href="#">Materiais en formato dixital</a> .....	199

6.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliación e a cualificación</a> .....	200
6.5.1. <a href="#">Criterios de avaliación</a> .....	200
6.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	202
6.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliacións</a> .....	202
6.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	203
26.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	204
7. <a href="#">Aspectos específicos da materia Ámbito da Comunicación – Inglés (Módulo III da ESA)</a> .	205
7.1. <a href="#">Contribución ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	205
7.1.1. <a href="#">Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave</a> .....	205
7.1.2. <a href="#">Concreción dos estándares de aprendizaxe que forman os perfís competenciais</a> .....	208
7.2. <a href="#">Obxectivos</a> .....	223
7.3. <a href="#">Concreción para cada estándar available da temporización, o grao mínimo para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliação</a> .....	225
7.4. <a href="#">Materiais e recursos didácticos</a> .....	235
7.5. <a href="#">Criterios sobre a avaliación e a cualificación</a> .....	236
7.5.1. <a href="#">Criterios de avaliación</a> .....	236
7.5.2. <a href="#">Criterios de cualificación</a> .....	238
7.5.2.1. <a href="#">Cualificación das avaliacións</a> .....	238
7.5.2.2. <a href="#">Proba final e proba extraordinaria</a> .....	240
7.5.2.3. <a href="#">Normas para a realización dos exames</a> .....	240
8. <a href="#">Medidas para adaptarse á situación creada pola COVID-19</a> .....	242
8.1 <a href="#">Contidos correspondentes á terceira avaliação do curso 2019-20</a> .....	242
8.2. <a href="#">Comunicación co alumnado. Potenciación das titorías web</a> .....	244
8.3. <a href="#">Posibilidade de exames telemáticos</a> .....	244
8.4. <a href="#">Adaptación do sistema de ensino da hora de Portugués nos ciclos plurilingües</a> .....	245
8.5. <a href="#">Valoración dos estándares de aprendizaxe e criterios de titulación</a> .....	245
9. <a href="#">Concrecións metodolóxicas</a> .....	246
10. <a href="#">Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</a> .....	249
11. <a href="#">Organización das actividades de seguimiento, recuperación e avaliação das materias pendentes e deseño da avaliação inicial</a> .....	252
12. <a href="#">Medidas de atención á diversidade</a> .....	253
13. <a href="#">Concreción dos elementos transversais</a> .....	254
14. <a href="#">Actividades complementarias e extraescolares</a> .....	256
15. <a href="#">Mecanismos de revisión, avaliação e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</a> .....	257
15.1. <a href="#">Aspectos xerais</a> .....	257
15.2. <a href="#">protocolo de autoavaliación e mellora do Departamento</a> .....	258
16. <a href="#">Integrantes do departamento, cargos, distribución de cursos e conformidade con esta programación didáctica</a> .....	259

---

17. <a href="#"><u>Anexo. Contidos do Departamento de Francés referidos ao Ámbito da Comunicación - Francés do Módulo 3 da ESA</u></a> .....	260
--	-----

## 1. Introdución e contextualización

### 1.1. Introdución

Esta Introdución, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal o [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato; a [Orde do 20 de marzo de 2018](#) pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, a [Orde ECD/65/2015](#) pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato; a [Orde do 16 de setembro de 2020](#) pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e as [Instrucións do 30 de xullo 2020](#), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato.

As materias que son obxecto desta programación didáctica ocúpanse na súa totalidade do coñecemento e emprego das linguas galega e portuguesa nos cursos de Bacharelato e galega, castelá e inglesa na materia da ESA impartida por este Departamento. Este tipo de materias ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, poida interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Isto esixe, tal e como recolle o Anexo III do Decreto 86/2015, unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de disfrutar coa lectura crítica de obras literarias.

Segundo o citado Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, a lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do pensamento e das reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, fundamentalmente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas e servir de achegamento ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A lingua é, en consecuencia, unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, adquirir novos coñecementos e entender a realidade, analizar criticamente a información, xerar e difundir ideas e opinións expresar a súa afectividade e regular as súas emocións.

Por todo isto, a materia de Lingua Galega e Literatura e o Ámbito de Comunicación da ESA organízase en cinco Bloques de Contidos que deben atender á aprendizaxe instrumental da lingua, mais tamén ao seu coñecemento formal, así como á comprensión e valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e, finalmente, ao fomento da lectura, a través do estudo da Literatura, como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Seguindo o Decreto 86/2015, antes citado, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que este enfoque metodolóxico considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacions de partida para cada lingua. Mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural ou o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria e a través do desenvolvemento de operacións formais e de razonamentos lóxicos e conceptuais na ESO, o Bacharelato debe proporcionarlle ao/á alumno/a a formación, a madureza intelectual e humana e os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia; ademais de capacitalo para acceder á educación superior.

Dentro deste contexto, non se pode esquecer a actual situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender a establecer mecanismos para a súa superación. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario superar.

Non esquezamos que a lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación é unha responsabilidade común de primeira magnitud. A pesar de que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar e que a normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente, entendemos que desde o noso nivel de ensino pódese facer moito para impulsar este proceso mediante unha sensibilización activa do alumnado.

As materias de Segunda Lingua Estraneira-Portugués e de Ámbito de Comunicación - Lingua Estraneira-Inglés organízanse en cinco Bloques de Contidos que atenden fundamentalmente á aprendizaxe instrumental da lingua, mais tamén un achegamento á realidade social e cultural dos países dos que son orixinarios esas linguas.

Supoñen o exercicio das competencias lingüísticas comunicativas pasivas (entender a nivel oral e a nivel escrito) e activas (expresarse a nivel oral e a nivel escrito). Por tanto, traballarán a comprensión de textos orais, a produción de textos orais (expresión e interacción), a comprensión de textos escritos e a produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requieren a competencia comunicativa, polo que, no caso de Segunda Lingua Estraneira-Portugués se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutros idiomas.

É importante termos presente, por outra parte, polo que respecta ás materias de Ámbito de Comunicación-Lingua Estraneira-Inglés e Segunda Lingua Estraneira-Portugués, as enormes potencialidades que o coñecemento destas linguas pode chegar a ofrecer para a formación académica e profesional do estudiantado galego na sociedade actual. No caso de portugués, ademais, este parte dunha base de coñecemento da lingua, dada a súa proximidade co idioma propio do país, que lle facilita enormemente a aprendizaxe da mesma e motíva o para afondar no seu estudo. Non é necesario remarcar a importancia do coñecemento do inglés na actualidade. Do mesmo xeito, o coñecemento da lingua portuguesa e da cultura lusófona dá acceso a un valioso espazo lingüístico, cultural e profesional ocupado por preto de doucentos cincuenta millóns de persoas, do que non deberíamos sentirnos alleos.

## 1.2. Contextualización

O IES San Clemente está situado na zona monumental da cidade de Santiago de Compostela, na rúa que leva o seu mesmo nome. No centro impártense as seguintes ensinanzas:

- Ciclos Formativos de grao medio e superior de Informática, nas modalidades presencial e a distancia.
- Ensino de adultos telemático a distancia de ESA e Bacharelato.

O feito de que as materias que están a cargo deste Departamento estean enmarcadas dentro do ensino para adultos e a distancia condiciona gran parte dos aspectos desta programación, o que se contemplará ao longo dos diferentes apartados da mesma.

O alumnado de Bacharelato deste centro caracterízase, en primeiro lugar, pola súa diversidade. Trátase de persoas adultas, comprendidas nunha ampla franxa de idade, que recorren ao ensino a distancia por moi diferentes razóns persoais, académicas ou laborais. Por outra parte, cabe destacar a súa dispersión xeográfica, pois levan a cabo os estudos desde as súas localidades de residencia e únicamente teñen que desprazarse á cidade máis próxima para realizaren as probas de avaliación.

Nesta modalidade de ensino, o contacto que se establece entre o profesorado e o alumnado baséase, fundamentalmente, na comunicación a través da plataforma virtual, na que o alumnado pode atopar todo o material didáctico que precisa. O contacto co profesorado poden establecelo a través da propia plataforma, por correo electrónico, así como telefonicamente ou a través do sistema de videoconferencia das titorías web mais, dadas as circunstancias epidemiológicas, restrinxirse a posibilidade de encontros presenciais co profesorado do departamento, a non ser que haxa unha situación excepcional que o requira e sexa debidamente xustificada polo alumnado.

As probas de avaliación celébranse, simultaneamente, nas datas establecidas polo centro, nas sete cidades galegas e en Burela. O alumnado pode realizar os exames en calquera das localidades.

O número de alumnos/as matriculados/as no momento de redacción desta programación é o seguinte:

Lingua Galega e Literatura I (1º de Bacharelato): 177.

Lingua Galega e Literatura II (2º de Bacharelato): 229.

Segunda Lingua Estraneira I – Portugués (1º de Bacharelato): 43.

---

Segunda Lingua Estranxeira II – Portugués (2º de Bacharelato): 17.

Ámbito da Comunicación (Módulo III da ESA): 79.

Ámbito da Comunicación – Lingua Estranxeira – Inglés (Módulo III da ESA): 79.

A matrícula continúa aberta a día de hoxe, polo que o número de alumnos/as matriculados/as se incrementará de maneira significativa.

## 2. Aspectos específicos da materia Lingua Galega e Literatura I (1º de Bacharelato)

### 2.1. Contribución ao desenvolvimento das competencias clave

#### 2.1.1. Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave

Na LOMCE establecense dentro do marco do proceso de aprendizaxe, sete competencias clave, que se consideran necesarias para o desenvolvimento correcto das persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. A adquisición e o desenvolvimento destas competencias (que supoñen unha continuación das denominadas competencias básicas da lexislación educativa anterior) por parte do alumnado, constitúen a base na que se orienta o modelo curricular de cada materia.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial ECD/65/2015, "A competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais. É un *saber-facer*".

A inclusión das competencias clave no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os estudiantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.
- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A materia de Lingua Galega e Literatura I contribúe dun xeito moi especial ao desenvolvimento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Aínda que en menor medida, serve tamén para a adquisición das restantes competencias clave.

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta; ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural. As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en

xeral. A dinámica das seccións de comunicación oral e comunicación escrita desta materia ocúpase predominantemente do desenvolvemento desta competencia, mediante prácticas orais e escritas activas e pasivas de natureza moi diversa: prácticas de escucha activa, escrita de resumos, esquemas, comentarios persoais, textos literarios..., lectura de textos de diversos campos e de obras e fragmentos de obras literarias...

- **Competencia para aprender a aprender (CAA).**

A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construcción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:

- Lectura comprensiva
- Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios
- Exposición e conclusóns sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección e capacidade de autoavaliacián

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestárase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).**

A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividad con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información, a estimular a curiosidade por diferentes asuntos sociais e a fomentar a autoestima lingüística:

- Lectura crítica dos medios de comunicación social
- Uso dos elementos que proporcionan as TIC
- Uso da biblioteca

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa pescuda.

- **Competencia dixital (CD).**

Esta materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de programas para a elaboración de textos escritos e presentacións
- Emprego de correctores ortográficos
- Realización de exercicios interactivos de lingua, literatura, xeografía e historia

- Consulta de enciclopedias virtuais e diccionarios e xornais dixitais
  - Traballo na aula virtual do centro
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo das linguas moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempegar as funcións de comunicación e representación.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar críticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten preuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente de actualidade, procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).
- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Prácticas de diálogo (a través do foro da aula virtual e das videotitorías) que redunden na mellora das capacidades pasivas e activas da comunicación e que alimenten a capacidade de tolerancia e de respecto.

- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).**

Nesta materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema...

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular:

- Propostas de visitas a museos, exposicións, representacións teatrais, cinema e concertos
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A pesar de que esta competencia non apareza apenas vinculada á materia de Lingua Galega e Literatura, pódese entender que certas actividades relacionadas co campo da matemática, fundamentalmente aspectos estadísticos, poden ser estimuladas por ela. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estadísticas que aparecen con frecuencia nos medios de comunicación. Para a interpretación de gráficas históricas e sociolingüísticas é imprescindible estimular esta competencia. As seguintes actividades contribúen a desenvolvela:

- Comentario de gráficas
- Interpretación de estadísticas

## 2.1.2.- Concreción dos estándares de aprendizaxe da materia que forman os perfís competenciais

Competencia clave	Aprender a aprender (CAA)
Estándares	
-LGB1.1.2 - Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	
-LGB1.1.3 - Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	
-LGB1.10.1 - Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	
-LGB1.10.2 - Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	
-LGB1.11.1 - Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na producción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	
-LGB1.2.1 - Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.	
-LGB1.2.3 - Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	
-LGB1.2.4 - Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	
-LGB1.3.3 - Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	
-LGB1.5.1 - Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coerentes e ben cohesionados.	
-LGB1.5.2 - Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	
-LGB1.5.6 - Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	
-LGB1.9.1 - Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	
-LGB2.1.1 - Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	
-LGB2.1.4 - Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	
-LGB2.10.1 - Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	

-LGB2.3.1 - Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).
-LGB2.3.4 - Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.
-LGB3.10.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
-LGB3.11.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e producción dos textos traballados en calquera das outras.
-LGB3.4.1 - Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adjetivo nun texto, relacionándoo coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.
-LGB3.5.1 - Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.6.1 - Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perifrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.7.1 - Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.
-LGB3.8.1 - Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.9.1 - Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.

Competencia clave	Competencia Dixital (CD)
Estándares	
<p>-LGB1.5.6 - Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p>	
-LGB2.1.4 - Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	
-LGB2.10.1 - Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	
-LGB2.10.2 - Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura	

con axuda de ferramentas dixitais.
-LGB2.10.3 - Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.
-LGB2.3.1 - Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).
-LGB3.10.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
-LGB1.5.6 - Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.
-LGB2.1.4 - Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.
-LGB2.10.1 - Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.
-LGB2.10.2 - Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.
-LGB2.10.3 - Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.
-LGB2.3.1 - Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).
-LGB3.10.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Competencia clave	Competencia Lingüística (CCL)
Estándares	
<p>-LGB1.1.2 - Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p>	
<p>-LGB1.1.3 - Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p>	
<p>-LGB1.10.1 - Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p>	
<p>-LGB1.11.1 - Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na producción</p>	

oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.
-LGB1.2.1 - Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.
-LGB1.2.2 - Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.
-LGB1.3.1 - Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).
-LGB1.3.2 - Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.
-LGB1.3.3 - Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.
-LGB1.4.1 - Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.
-LGB1.4.3 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
-LGB1.5.1 - Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
-LGB1.5.3 - Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.
-LGB1.5.4 - Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.
-LGB1.5.5 - Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
-LGB1.5.6 - Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.
-LGB1.6.1 - Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.
-LGB1.6.2 - Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.
-LGB1.6.3 - Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.
-LGB1.7.1 - Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
-LGB1.7.2 - Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfo-sintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronoméntico átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
-LGB1.7.3 - Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo

conxugado e fraseoloxía adecuada.

-LGB1.7.4 - Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

-LGB1.8.1 - Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

-LGB1.8.2 - Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

-LGB1.9.1 - Desenvólvese con eficacia en situacóns que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

-LGB2.1.1 - Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.

-LGB2.1.2 - Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.

-LGB2.1.3 - Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.

-LGB2.1.4 - Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.

-LGB2.10.1 - Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.

-LGB2.10.2 - Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.

-LGB2.10.3 - Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.

-LGB2.2.1 - Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.

-LGB2.2.2 - Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.

-LGB2.2.3 - Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.

-LGB2.2.4 - Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.

-LGB2.2.5 - Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

-LGB2.3.1 - Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).

-LGB2.3.2 - Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).

-LGB2.3.3 - Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter

expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.
-LGB2.3.4 - Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.
-LGB2.3.5 - Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.
-LGB2.3.6 - Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.
-LGB2.4.1 - Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.
-LGB2.4.2 - Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.
-LGB2.4.3 - Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.
-LGB2.5.1 - Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descriptivos e produce outros textos similares.
-LGB2.6.1 - Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.
-LGB2.7.1 - Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.
-LGB2.8.1 - Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.
-LGB2.9.1 - Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.
-LGB3.1.1 - Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe.
-LGB3.1.2 - Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.
-LGB3.10.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
-LGB3.11.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e producción dos textos traballados en calquera das outras.

-LGB3.2.1 - Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.
-LGB3.2.2 - Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícalo nas súas producións orais e escritas.
-LGB3.3.1 - Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
-LGB3.4.1 - Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoo coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.
-LGB3.5.1 - Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.6.1 - Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perifrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.7.1 - Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.
-LGB3.8.1 - Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB3.9.1 - Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
-LGB4.1.1 - Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.
-LGB4.2.1 - Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
-LGB4.2.2 - Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.
-LGB4.2.3 - Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.
-LGB4.3.1 - Describe a romanización e o nacemento das linguas romances.
-LGB4.3.2 - Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).
-LGB4.4.1 - Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.
-LGB4.4.2 - Distingue as familias léxicas irregulares e utilízaas correctamente.
-LGB4.5.1 - Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo.

-LGB4.5.2 - Describe o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.
-LGB4.5.3 - Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.
-LGB4.6.1 - Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifíca en textos.
-LGB4.6.2 - Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.
-LGB4.6.3 - Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.
-LGB4.6.4 - Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.
-LGB4.7.1 - Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).
-LGB4.7.2 - Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.
-LGB4.7.3 - Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua.
-LGB4.7.4 - Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.
-LGB4.7.5 - Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.
-LGB5.1.1 - Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
-LGB5.1.2 - Compara textos de diferentes xéneros, caracterizánndoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios.
-LGB5.1.2 - Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.
-LGB5.2.1 - Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.
-LGB5.2.2 - Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.
-LGB5.3.1 - Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
-LGB5.4.1 - Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal,

estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.
-LGB5.5.1 - Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a producción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.
-LGB5.6.1 - Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico
-LGB5.7.1 - Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a producción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.
-LGB5.8.1 - Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.

Competencia clave	Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)
Estándares	
- LG-B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.
- LG-B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- LG-B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.
- LG-B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliação e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.
- LG-B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexúzos que se poidan asociar a ela.

- LG-B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
  - LG-B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.
  - LG-B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.
  - LG-B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
  - LG-B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e producción do texto á súa revisión e corrección final.
  - LG-B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.
- LG-B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
  - LG-B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
  - LG-B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
  - LG-B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na producción de textos.
  - LG-B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
  - LG-B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
  - LG-B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a producción de textos.
- LG-B4.1. Recoñecer os estereotipos e preuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións socio-lingüísticas.
  - LG-B4.2. Describir e interpretar o proceso de construcción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
  - LG-B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.

- LG-B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.
  - LG-B4.5. Elaborar unha descripción esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
  - LG-B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
- 
- LG-B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:
    - Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.
    - Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.
    - Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
  - LG-B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 
- LG-B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:
    - Poesía: producción bética e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
    - Prosa: producción bética e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.
    - Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
  - LG-B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 
- LG-B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:
    - Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
    - Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
    - Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
  - LG-B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
- 
- LG-B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

### 3.5.2.- Criterios de cualificación

#### 3.5.2.1. Cualificación das avaliaciós

O modelo de ensino a distancia presente neste centro condiciona notablemente os procedementos de cualificación, que deberán reducirse ás probas obxectivas, unha por cada avaliación, que serán programadas pola dirección do IES. Serán avaliadas outro tipo de probas ao longo de cada avaliación (exercicios e tarefas que se irán presentando puntualmente na aula virtual), mais estas non serán tidas en conta para a cualificación do alumnado.

Daquela, o alumnado será cualificado en cada avaliación a partir dunha proba escrita que será valorada segundo a estrutura que se expón a continuación. O sistema de cualificación neste nivel tomará en consideración, de maneira proporcionada, a adquisición dos coñecementos e competencias establecidos nos distintos bloques temáticos do currículo e a capacidade de comprensión e expresión en lingua galega, basicamente a nivel escrito. Nas respostas a estas dúas preguntas valorarase de xeito especial a capacidade de expresión escrita manifestada polo alumnado, a todos os niveis (ortografía, gramática, organización dos contidos, cohesión, textualidade...).

A estrutura dos exames será a seguinte:

Competencias e contidos avaliados	Porcentaxe de valoración a respecto da nota da avaliación
Texto para analizar sobre temática preferentemente relacionada cos contidos do bloque do currículo <i>Lingua e sociedade</i> (preguntas sobre o contido ou estrutura do texto, resumo, esquema, valoración crítica sobre as opinións presentes no texto...).	30 %
Neste apartado, valorarase de xeito especial a capacidade de expresión escrita manifestada polo alumnado, a todos os niveis (ortografía, gramática, organización dos contidos, cohesión, textualidade...)	
Preguntas sobre aspectos de emprego da lingua (cuestiós de tipo práctico relacionadas coa ortografía, a gramática e o léxico)	40 %
Pregunta(s) sobre literatura: pequeno comentario dunha peza ou fragmento literario e/ou unha cuestión de tipo teórico sobre algún dos contidos deste bloque	20 %
Pregunta relacionada coa lectura obligatoria da avaliación (localizar un fragmento dado no interior da obra, comentar algún aspecto de contido ou estrutural...)	10 %

No caso de que a situación sanitaria non permitise a realización de exames presenciais, se habilitará, seguindo as instrucións da dirección do centro, un sistema de probas telemáticas. Nese caso, a estrutura dos exames da materia, condicionada polas características específicas deste sistema, podería mudar significativamente. Os eventuais cambios serán decididos polos integrantes do Departamento e comunicados con suficiente anterioridade ao alumnado a través da aula virtual polo/a profesor/a da materia.

No caso de que o/a profesor/a o estime conveniente, poderán ser descontados até 1 punto sobre o valor da proba por errores de redacción (falta de coherencia, cohesión e adecuación na organización dos contidos) e 1 punto por errores lingüísticos (ortográficos, gramaticais e léxicos), conforme ao seguinte criterio:

- Faltas leves: uso de formas morfológicas ou léxicas galegas distintas do estándar normativo e errores na acentuación non diacrítica (penalizarse cada erro con 0,05 puntos).
- Faltas graves: errores ortográficos no uso de *b* / *v*, *h*, *y*... e acentuación diacrítica (penalizarse cada erro con 0,1 puntos).
- Faltas moi graves: uso de formas alleas ao sistema lingüístico do galego: tempos verbais compostos, incorrecta colocación do pronomé persoal, castelanismos léxicos... (penalizarse cada erro con 0,2 puntos).

Esta valoración negativa non se aplicará no apartado de análise do texto xa que na propia valoración global da pregunta irá incluído o desconto.

O valor das cuestións avaliadas nas probas programadas terá en conta as seguintes porcentaxes a respecto dos contidos curriculares:

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.	<b>15 %</b>
Bloque 3. Funcionamento da Lingua.	<b>40 %</b>
Bloque 4. Lingua e Sociedade.	<b>15 %</b>
Bloque 5. Educación Literaria.	<b>30%</b>

A nota da avaliación será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para aprobar o curso sen necesidade de realizar a proba final, será necesario obter unha cualificación mínima de 15 puntos na suma das tres avaliacións, sempre que non haxa máis dunha avaliación suspensa e que a nota desa avaliación non sexa en ningún caso inferior a 4. A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

### 3.5.2.2. Proba final e proba extraordinaria

No caso de que non se dean as circunstancias anteriormente referidas, o alumnado deberá presentarse ao exame final, no que se examinará únicamente da avaliación ou avaliacións suspensas. A proba terá unha estrutura idéntica á dos exames das avaliacións. Para aprobar o curso, a nota deste exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á

---

superior, deberá ser, como mínimo de 5 puntos sobre 10. A nota media do curso terá en conta, de maneira proporcional, a nota obtida na avaliación ou avaliacóns que foran aprobadas anteriormente, no caso de que se dea esa circunstancia.

De non obter unha cualificación positiva no exame final, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria, na que se examinará da totalidade dos contidos da materia. A proba terá unha estrutura idéntica á do exame final. Tamén serán avaliadas nesta proba as lecturas obligatorias de literatura. A nota final do curso será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobarlo.

### **3.5.2.3. Normas para a realización dos exames**

O alumnado deberá presentarse á hora da convocatoria do exame en posesión dun documento de identificación oficial (DNI, permiso de conducción, pasaporte, permiso de residencia...) Non poderá levar na cabeza ningunha prenda que dificulte a súa identificación e deberá ter descubertos os pavillóns auriculares para que se poida comprobar que non utiliza ningún dispositivo auditivo non autorizado.

Non estará permitido abandonar a aula antes de pasados 20 minutos desde o inicio da proba e non se permitirá realizala a quen se presente cun atraso superior a ese tempo. Unha vez finalizado o exame, o/a alumno/a deberá entregalo ao profesorado encargado da supervisión do mesmo, aínda que estea en branco. En ningún caso o poderá deixar sobre a mesa. No momento da entrega, deberá presentar o documento de identificación e asinar na folla de asistencia.

Durante o exame non estará permitida a utilización de teléfonos móbiles, reloxios intelixentes (mesmo en modo de reloxo convencional) ou outros aparellos electrónicos, que deberán permanecer apagados. No caso de que o profesorado que supervisa a proba detecte que algúns/algúnha alumno/a copia ou intenta copiar mediante calquera sistema (*chuleta*, apuntamentos, comunicación con outro/a alumno/a, teléfono...), ou está en posesión dalgún dispositivo electrónico non autorizado acendido, este/a deberá entregar o exame, que será cualificado con 0 puntos, e abandonar a aula. O/A alumno/a non terá en ningún caso dereito a que se lle repita exame.

## 4. Aspectos específicos da materia Segunda Lingua Estranxeira I - Portugués (1º de Bacharelato)

### 4.1. Contribución ao desenvolvimento das competencias clave

#### 4.1.1. Contribución da materia ao desenvolvimento das competencias clave

Na LOMCE establecense dentro do marco do proceso de aprendizaxe, sete competencias clave, que se consideran necesarias para o desenvolvimento correcto das persoas na sociedade do coñecemento e que se deben traballar en todas as materias do currículo. A adquisición e o desenvolvimento destas competencias (que supoñen unha continuación das denominadas competencias básicas da lexislación educativa anterior) por parte do alumnado, constitúen a base na que se orienta o modelo curricular de cada materia.

Tal e como aparece definida na Orde ministerial ECD/65/2015, "A competencia clave é a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, ademais doutros compoñentes sociais. Trátase dun coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais. É un *saber hacer*".

A inclusión das competencias clave no currículo ten tres finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (as diferentes áreas do currículo) como as informais.
- Facer que os estudiantes poñan as súas aprendizaxes en relación con distintos tipos de contidos e que as utilicen de maneira efectiva cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.
- Orientar a ensinanza, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación imprescindíbeis.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira - Portugués contribúe dun xeito moi especial ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Aínda que en menor medida, serve tamén para a adquisición das restantes competencias clave.

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta; ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural. As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras

linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral. A dinámica das seccións de comunicación oral e comunicación escrita desta materia ocúpase predominantemente do desenvolvemento desta competencia, mediante prácticas orais e escritas activas e pasivas de natureza moi diversa: prácticas de escucha activa, escrita de resúmes, esquemas, comentarios persoais, textos literarios..., lectura de textos de diversos campos e de obras e fragmentos de obras literarias...

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construcción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónnase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:

- Lectura comprensiva
- Interpretación das informacións lingüísticas dos diccionarios e doutros recursos virtuais
- Exposición e conclusóns sobre tarefas académicas
- Interese pola autocorrección e capacidade de autoavalíaación

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender.

- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)**

A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividad con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información, a estimular a curiosidade por diferentes asuntos sociais e a fomentar a autoestima lingüística:

- Lectura crítica dos medios de comunicación social
- Uso dos elementos que proporcionan as TIC
- Uso da biblioteca

Dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa pescuda.

- **Competencia dixital (CD)**

Esta materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Cómpre termos en conta a grande transcendencia que neste tipo de ensino a distancia ten unha boa capacitación nesta competencia clave. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa. As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- Uso de programas para a elaboración de textos escritos e presentacións
- Emprego de correctores ortográficos
- Realización de exercicios interactivos de lingua e literatura
- Consulta de enciclopedias virtuais e dicionarios e xornais dixitais
- Traballo na plataforma virtual do centro

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase polo tanto dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia. Un elemento do currículo das linguas moi relacionado con esta competencia é a variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e de aí a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e representación.

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para analizar críticamente os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo:

- Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente de actualidade, procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos).
- Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Prácticas de diálogo (a través do foro da aula virtual) que redunden na mellora das capacidades pasivas e activas da comunicación e que alimenten a capacidade de tolerancia e de respecto.

- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC)**

Nesta materia, a lectura e a valoración de manifestacións culturais relevantes contribúen de forma significativa ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio cultural e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada se se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema...

As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para valorar a riqueza cultural, a diversidade lingüística e a expresividade popular:

- Propostas de visitas a museos, exposicións, representacións teatrais, cinema e concertos
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

A pesar de que esta competencia non apareza apenas vinculada á materia de Segunda Lingua Estraneira - Portugués, pódese entender que certas actividades relacionadas co campo da matemática, fundamentalmente aspectos estatísticos, poden ser estimuladas por ela. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que aparecen con frecuencia nos medios de comunicación.

#### 4.1.2. Concreción dos estándares de aprendizaxe da materia que forman os perfís competenciais

Competencia clave	Aprender a aprender (CAA)
Estándares	
1º-SLEB1.1 - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	
1º-SLEB1.2 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escutar o dito ou pedir confirmación.	
1º-SLEB1.3 - Comprende, nunha conversa formal ou entre-vista na que participa, información relevante de carácter habitual e previsible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	
1º-SLEB1.4 - Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero previsibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escutar o dito.	
1º-SLEB1.5 - Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimientos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	
1º-SLEB1.6 - Identifica os aspectos más importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretenimento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.	
1º-SLEB2.1 - Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e amplíandoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.	
1º-SLEB2.2 - Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.	
1º-SLEB2.3 - Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero previsibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de	

significado próximo) e xestos apropiados.

1º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB3.1 - Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

1º-SLEB3.2 - Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).

1º-SLEB3.3 - Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.

1º-SLEB3.4 - Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

1º-SLEB3.5 - Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogues, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

1º-SLEB3.6 - Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).

1º-SLEB3.7 - Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, diccionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

1º-SLEB4.1 - Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB4.2 - Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

1º-SLEB4.3 - Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.

1º-SLEB4.4 - Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou priva-

das ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía más comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpia e ordenada do texto.

1º-SLEB4.5 - Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descripcións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).

1º-SLEB5.1 - Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

1º-SLEB5.2 - Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

1º-SLEB5.3 - Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de producción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

1º-SLEB5.4 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

1º-SLEB5.5 - Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situaciones de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.

Competencia clave	Competencia Dixital (CD)
Estándares	
1º-SLEB1.2 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escutar o dito ou pedir confirmación.	
1º-SLEB1.4 - Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escutar o dito.	
1º-SLEB1.6 - Identifica os aspectos más importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.	
1º-SLEB2.1 - Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun	

esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

1º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB3.1 - Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

1º-SLEB3.2 - Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).

1º-SLEB3.3 - Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.

1º-SLEB3.5 - Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogues, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

1º-SLEB3.6 - Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).

1º-SLEB3.7 - Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, diccionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

1º-SLEB4.1 - Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB4.2 - Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

1º-SLEB4.3 - Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.

1º-SLEB4.4 - Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía más comúns neste tipo de textos, cunha presentación

limpa e ordenada do texto.

1º-SLEB5.4 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Competencia clave	Competencia Lingüística (CCL)
Estándares	
1º-SLEB1.1 - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	
1º-SLEB1.2 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escutar o dito ou pedir confirmación.	
1º-SLEB1.3 - Comprende, nunha conversa formal ou entre-vista na que participa, información relevante de carácter habitual e previsible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	
1º-SLEB1.4 - Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero previsibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escutar o dito.	
1º-SLEB1.5 - Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimientos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	
1º-SLEB1.6 - Identifica os aspectos más importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretenimento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.	
1º-SLEB2.1 - Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.	
1º-SLEB2.2 - Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.	

1º-SLEB2.3 - Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacíons cotiás e menos habituais pero predecibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

1º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimento de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB3.1 - Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

1º-SLEB3.2 - Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).

1º-SLEB3.3 - Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.

1º-SLEB3.4 - Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

1º-SLEB3.5 - Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogues, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

1º-SLEB3.6 - Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).

1º-SLEB3.7 - Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, diccionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

1º-SLEB4.1 - Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

1º-SLEB4.2 - Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

1º-SLEB4.3 - Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de

cortesía.

1º-SLEB4.4 - Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía más comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpia e ordenada do texto.

1º-SLEB4.5 - Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descripcións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).

1º-SLEB5.1 - Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

1º-SLEB5.2 - Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamiento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

1º-SLEB5.3 - Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de producción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

1º-SLEB5.4 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

1º-SLEB5.5 - Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.

Competencia clave	Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)
Estándares	
1º-SLEB1.1 - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	
1º-SLEB1.2 - Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	
1º-SLEB1.3 - Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información	

relevante de carácter habitual e previsible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

1º-SLEB1.4 - Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero previsibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escutar o dito.

1º-SLEB1.5 - Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimientos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

1º-SLEB1.6 - Identifica os aspectos más importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretenimento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.

1º-SLEB2.1 - Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e amplíandoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

1º-SLEB2.2 - Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

1º-SLEB2.3 - Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero previsibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

1º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimientos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

	• B3.2.2 Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou Internet formulados de maneira simple e clara, e relacionados con asuntos do seu interese.	• É capaz de entender o sentido global dun anuncio publicitario que empregue un vocabulario moi simple.	X	X		
	• B3.2.3 Comprende correspondencia persoal breve e sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; des-	• Ten competencia para entender as mensaxes de tipo persoal nas que troque infor-	X	X		

	<p>críbense persoas, obxectos e lugares; narranxe acontecementos pasados e presentes, reais ou imaxinarios, e exprésanse sentimento s e desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>mación con outras persoas sobre temas de tipo xeral, a un nivel básico.</p>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2.4 Entende con axuda de diccionarios impresos e on line, información específica esencial en páginas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre asuntos do seu interese (por exemplo. sobre un curso de idiomas, unha viaxe, unha compra pola Internet).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>É capaz de entender, segundo as pautas dadas polo/a docente, información relevante en páginas web para realizar unha actividade do seu interese.</li> </ul>	X	X	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2.5 Comprende o esencial de lecturas adaptadas breves e ben estruturadas e faise unha idea do carácter dos distintos personaxes, as súas relacións e do argumento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pode realizar unha lectura comprensiva dun texto literario breve adaptado ao seu nivel.</li> </ul>	X	X	
• B3.3.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizando comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece algúns aspectos socioculturais básicos da cultura anglosaxoa.</li> </ul>	X	X	
• B3.4.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4.1 Identifica os expoñentes más comúns propios do seu nivel para entender as función comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>É capaz de recoñecer, a un nivel moi básico, as estruturas lingüísticas más importantes para identificar as funcións comunicativas.</li> </ul>	X	X	

• B3.5.	• B3.5.1 Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.				
• B3.6.	• B3.6.1 Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	• Domina un vocabulario básico dos principais campos léxicos do idioma.	X	X	
• B3.7.	• B3.7.1 Recoñece algunas das características e convencións propias da lingüaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.	• Interpreta de maneira correcta na lectura os signos de puntuación e outros símbolos ortográficos básicos, como abreviaturas ou siglas.	X	X	

#### Bloque 4: Expresión escrita.

Crite-rios de avali-a-ción	Estándares	Grao mínimo para superar a materia	Temporización		Instrumentos e procedementos de avaliação	Compet. clave
			1ª av.	2ª av.		
• B4.1.	• B4.1.1 Desenvolve estratexias sistemáticas de composición seguindo un modelo e usando diccionarios impresos e <i>on line</i> e correctores ortográficos dos procesadores de textos na súa composición.	• Sabe habilitar e empregar o corrector lingüístico de inglés nun procesador de textos e consultar un diccionario <i>on line</i> .	X	X	• Proba escrita.	• CCL • CAA • CSC

<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.1 Escribe textos breves en distintos formatos, seguindo un modelo estruturado, con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e do seu interese e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira para incorporalos a proxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• É capaz de escribir de maneira que resulte comprensible e sen cometer errores de lingua graves, un texto breve sobre un tema do seu interese.</li> </ul>	X	X		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.2 Escribe correspondencia persoal sinxela na que se establece e mantén o contacto social (p.e., con amigos), intercambiase información, descríbense en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais; danse instrucións, fanse e acéptanse ofrecementos e suxestións (p. e. cancelanse, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• É capaz de escribir de maneira que resulte comprensible e sen cometer errores de lingua graves, un correo electrónico sobre un tema de carácter persoal.</li> </ul>	X	X		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.3 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afecções (p.e. para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun obradoiro, ou curso).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe escribir un documento de solicitud de participación nunha determinada actividade no que figuren os seus datos persoais, cometendo poucos errores.</li> </ul>	X	X		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.4 Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, chats), nos que se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacóns da vida cotiá e do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• É capaz de escribir de maneira que resulte comprensible e sen cometer errores de lingua graves, unha serie de mensaxes curtas, imitando unha comunicación de WhatsApp, de maneira respectuosa e adecuada á situación comunicativa.</li> </ul>	X	X		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2.5 Escribe notas, anuncios e mensaxes breves (p.e. en Twitter ou Facebook) relacionados con actividades e situacóns da vida cotiá, do seu interese persoal respectando as convencións e normas de cor-</li> </ul>					

	tesía e da netiqueta.				
• B4.3.	• B4.3.1 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizán-dos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etno-céntricas.	• Coñece algúns aspectos socioculturais básicos da cultura anglosaxoa.	X	X	
• B4.4.	• B4.4.1 Usa os expoñentes más comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	• É capaz de empregar, de maneira activa, a un nivel moi básico, as estruturas lingüísticas más importantes para desenvolver as funcións comunicativas.	X	X	
• B4.5.	• B4.5.1 Emprega adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.				
• B4.6.	• B4.6.1 Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sin-xelos propios do seu nivel educativo.	• Domina de maneira activa a nivel escrito un vocabulario básico dos principais campos léxicos do idioma.	X	X	
• B4.7.	• B4.7.1 Aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas más habituals na redacción de textos en soporte electrónico.	• Escribe empregando os signos de puntuación dunha maneira razoablemente correcta e non comete erros ortográficos graves que comprometan a comprensión do texto.	X	X	

## Estruturas sintáctico-discursivas no idioma inglés

- Expresión de relacóns lóxicas: convención (*and, too, also*); disyunción (*or*); oposición (*but*); finalidade (*to-infinitive; for*); resultado (*so...*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun*, e. g. *What a wonderful holiday!*; *How + Adj.*, e. g. *How interesting!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Adj.), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple; presente: simple and continuous*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually)*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade, posibilidade e permiso (*can, could*); intención (*present continuous*).
- Expresión da entidade: *count/uncount nouns; pronouns and determiners*.
- Expresión da cantidade: (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity*: e. g. *all (the). Degree*: e. g. *really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo: (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo: (*points* (e. g. *five to (ten)*); *divisions* (e. g. *century; season*), *and indications* (*ago; early; late*) *of time*; *duration* (*from...to; during; until; anteriority/posteriority* (*before, afterwards; later*); *sequence* (*first, next, last*); *frequency* (e. g. *often, usually*)).
- Expresión do modo: (*Adv. and phrases of manner*, e. g. *easily; by post*).

### 7.4. Materiais e recursos didácticos

Na aula virtual do centro ofreceranse, quincena a quincena, os recursos dixitais necesarios para o seguimento do curso. Os principais recursos ofrecidos son:

- Unidades didácticas 9, 10, 11 e 12 de educación secundaria para persoas adultas correspondentes ao Módulo III desta materia, aloxadas no portal da Xunta (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>).
  - Vídeos que reproducen as partes máis significativas ou a totalidade das titorías presenciais.
  - Tarefas e exercicios variados para seren enviados ao/á profesor/a da materia.
  - Anotacións aclaratorias sobre conceptos importantes do temario
  - Modelos de exames e información sobre os procedementos de avaliación.
  - Corrección dos exames realizados.
  - Ligazóns a recursos externos de interese (dicionarios, correctores lingüísticos, páxinas especializadas, exercicios interactivos, presentacións, vídeos...).

## 7.5. Criterios sobre avaliación e cualificación

### 7.5.1. Criterios de avaliação

B.1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias más adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

B.1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles más relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro informal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, sobre temas do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escouitar.

B1.3. Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudio e de traballo, actividades de lecer), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais más visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas más relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes más comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).

B1.5 Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados asociados (p.e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

B1.6. Recoñecer léxico oral de uso común relativo a asuntos cotiáns ou temas relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico.

B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias más adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados se non se dispón doutros más precisos.

B2.2. Producir textos orais breves e comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e se intercambia información sobre temas de importancia na vida cotiá, sobre asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e se xustifiquen brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.

B2.3. Relacionarse de maneira sinxela en conversas básicas sobre temas predicibles nas que se

establece contacto social manexando frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacions comunicativas habituais e cotiás con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, aceptar ou denegar invitacións e propostas.....).

B2.4. Incorporar á producción do texto oral monolóxico ou dialóxicos coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), as manifestacions artísticas, as relacións interpersoais (no traballo, no centro educativo...), o comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual) e as convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as convencións comunicativas más elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais más visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.

B2.5. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes más comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo.

B2.6. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.

B2.7. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacions habituais e cotiáns.

B2.8. Pronunciar e entoar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia sempre que non interrompan a comunicación, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias más adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Identificar a información esencial, os puntos más relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breve e ben estruturado, escritos nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos e ocupacións ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

B3.3. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacions artísticas como a música ou o cinema), condicións de vida (contorna, estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións), e convencións sociais (costumes, tradicións) e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais más visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas

B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas más relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes más comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e peche textual).

B3.5. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados asociados

B3.6. Recoñecer léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, estudos e ocupacións, e inferir do contexto e do contexto, con

apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou más específico.
B3.7. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. e.&, %), e os seus significados asociados
B4.1. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p.e. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto
B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación más comúns, cun control razonable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente
B4.3. Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos (p. e. as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas) e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha producción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas, identificando na propia lingua, diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais más visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coa diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.
B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes más comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso más frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo. B4
B4.5 Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.
B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.
B4.7. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razonable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

## 7.5.2. Criterios de cualificación

### 7.5.2.1. Cualificación das avaliacións

O modelo de ensino a distancia presente neste centro condiciona notablemente os procedementos de cualificación, que deberán reducirse ás probas obxectivas, unha por cada avaliación, que serán programadas pola dirección do IES. Serán avaliadas outro tipo de probas ao longo de cada avaliación (exercicios e tarefas que se irán presentando puntualmente na aula virtual), mais estas non serán tidas en conta para a cualificación do alumnado.

Daquela, o alumnado será cualificado en cada unha das dúas avaliación das que consta o Módulo mediante unha proba escrita. A proba de avaliación, que integrará as partes

correspondentes aos Ámbitos da Comunicación e da Comunicación de Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés), terá a seguinte estrutura:

Contidos avaliados	Porcentaxe de valoración sobre o total da nota da proba
Cuestións referidas ás lecturas obligatorias.	20 % (10 % para as lecturas en lingua galega e 10 % para as lecturas en lingua castelá).
Contidos correspondentes a Lingua Galega e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes a Lingua Castelá e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes á Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).	26,66 %

Para o alumnado que estea exento de lingua galega, a valoración das partes da proba será a seguinte:

Contidos avaliados	Porcentaxe de valoración sobre o total da nota da proba
Cuestións referidas ás lecturas obligatorias de lingua castelá.	10 %
Contidos correspondentes a Lingua Castelá e Literatura.	45 %
Contidos correspondentes á Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).	45 %

No caso de que a situación sanitaria non permitise a realización de exames presenciais, se habilitará, seguindo as instrucións da dirección do centro, un sistema de probas telemáticas. Nese caso, a estrutura dos exames da materia, condicionada polas características específicas deste sistema, podería mudar significativamente. Os eventuais cambios serán decididos polos integrantes do Departamento e comunicados con suficiente anterioridade ao alumnado a través da aula virtual polo/a profesor/a da materia.

No caso de que o/a profesor/a o estime conveniente, poderá ser descontado 1 punto sobre o valor total da proba por errores de redacción (falta de coherencia, cohesión e adecuación na organización dos contidos) e errores lingüísticos (ortográficos, gramaticais e léxicos). Do mesmo xeito, unha correcta expresión escrita poderá ser valorada con 1 punto extra sobre a cualificación do exame.

A nota da avaliación será a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. Para aprobar o curso será necesario obter unha cualificación mínima de 10 puntos na suma das dúas avaliacións, sempre que a nota de ningunha das dúas

avalacións sexa inferior a 4. A nota final do curso será a media aritmética das dúas avaliaciós, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

### 7.5.2.2. Proba final e proba extraordinaria

O alumnado que levase unha nota inferior ao 4 na 1<sup>a</sup> avaliación, deberá recuperala mediante as respostas a unha serie de preguntas que se lle formularán sobre os contidos desa avaliación no exame correspondente á 2<sup>a</sup> avaliación e final.

O alumnado que teña unha nota de 4 na 1<sup>a</sup> avaliación poderá escoller entre unhas das seguintes opcións:

- a) Examinarse únicamente dos contidos da 2<sup>a</sup> avaliación. Neste caso, para aprobar o curso deberá obter unha nota que sexa suficiente para compensar o 4 da 1<sup>a</sup> avaliación.
- b) Examinarse dos contidos de ambas as avaliaciós. Neste caso, para aprobar o curso deberá obter unha cualificación no exame que, unha vez redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sexa como mínimo de 5 puntos sobre 10.

De non obter unha cualificación positiva no exame final, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria, na que se examinará da totalidade dos contidos da materia. A nota final do curso será neste caso a nota do exame, redondeada á unidade máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para aprobalo.

As datas das probas serán programadas pola dirección do centro e comunicadas ao alumnado a través da plataforma virtual.

### 7.5.2.3. Normas para a realización dos exames

O alumnado deberá presentarse á hora da convocatoria do exame en posesión dun documento de identificación oficial (DNI, permiso de conducción, pasaporte, permiso de residencia...) Non poderá levar na cabeza ningunha prenda que dificulte a súa identificación e deberá ter descubertos os pavillóns auriculares para que se poida comprobar que non utiliza ningún dispositivo auditivo non autorizado.

Non estará permitido abandonar a aula antes de pasados 20 minutos desde o inicio da proba e non se permitirá realizala a quien se presente cun atraso superior a ese tempo. Unha vez finalizado o exame, o/a alumno/a deberá entregalo ao profesorado encargado da supervisión do mesmo, aínda que estea en branco. En ningún caso o poderá deixar sobre a mesa. No momento da entrega, deberá presentar o documento de identificación e asinar na folla de asistencia.

Durante o exame non estará permitida a utilización de teléfonos móbiles, reloxios intelixentes (mesmo en modo de reloxo convencional) ou outros aparellos electrónicos, que deberán permanecer apagados. No caso de que o profesorado que supervisa a proba detecte que algún/algunha alumno/a copia ou intenta copiar mediante calquera sistema (*chuleta*, apuntamentos, comunicación con outro/a alumno/a, teléfono...), ou está en posesión dalgún dispositivo electrónico non autorizado acendido, este/a deberá entregar o exame, que será

---

cualificado con 0 puntos, e abandonar a aula. O/A alumno/a non terá en ningún caso dereito a que se lle repita exame.

## 8. Medidas para adaptarse á situación creada pola COVID-19

Como consecuencia da situación creada pola COVID-19 e seguindo as diferentes normativas publicadas polas autoridades académicas, o Departamento adoptou as medidas que se indican a continuación.

### 8.1. Contidos correspondentes á terceira avaliación do curso 2019-20

A pesar de que os contidos e competencias correspondentes á terceira avaliación do curso 2019-20 foron ofrecidos de maneira íntegra nas aulas virtuais de todas as materias impartidas por este Departamento e explicados con normalidade, estes non foron avaliados de xeito obligatorio. Por esta razón, no final do curso pasado decidiuse que nas materias de contidos progresivos era importante que fosen ofrecidos ao alumnado neste curso, ao lado dos contidos propios do currículo da materia. O material correspondente a eses estándares, que figura na relación que se ofrece a continuación, serán subidos a un cartafol das aulas virtuais das materias de 2º de bacharelato de Lingua Galega e Literatura II e de Segunda Lingua Estraneira – Portugués II.

Lingua Galega e Literatura I:

- Os textos e as propiedades textuais. Os rexistros da lingua. As formas de elocución. O tema está vinculado ao de propiedades do texto da materia de 2º de bacharelato, así como a varios estándares competenciais de producción e comprensión textual. Está recollido nos seguintes estándares de Lingua Galega e Literatura I:

LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.

LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descriptivos e produce outros textos similares.

LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.

LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.

LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.

LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.

LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.

LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.

- O verbo e as perifrases verbais. O adverbio e as locucións adverbiais. As preposicións e as conxuncións. O tema esta vinculado cos contido referidos á estrutura morfolóxica das palabras.

Está recollido nos seguintes estándares de Lingua Galega e Literatura I:

LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perifrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.

LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.

#### Segunda Lingua Estranxeira I

- Aqueles estándares e contidos léxico discursivos de tipo estrutural e léxico que deberán formar parte das competencias lingüísticas básicas para o desenvolvimento do currículo de Segunda Lingua Estranxeira-Portugués II.

Estándares:

SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicable sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.

SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.

SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

### Contidos sintáctico-discursivos:

- Pretérito perfeito simples (verbos irregulares): trazer, fazer, dizer, ver, vir, pôr, dar; conseguir, saber, poder. Pretérito perfeito simples (verbos irregulares): haver, saber, poder, querer.
- Pretérito imperfeito: accións habituais no pasado; antigamente, dantes.
- Pronomes persoais de complemento directo.
- Andar a + infinitivo; costumar + infinitivo;
- partícula de pasiva se
- pronomes relativos
- adverbios en –mente

## 8.2. Comunicación co alumnado. Potenciación das titorías web

Considérase interesante potenciar a comunicación entre profesorado e alumnado a través das titorías web para compensar a falta de presencialidade decidida para este curso pola dirección do centro. As titorías presenciais que, de maneira voluntaria, se lle ofrecían ao alumnado da ESA e de Bacharelato a distancia non van existir este curso. Entendemos que esta medida pode resultar algo lesiva para aquel alumnado que, polas súas características, necesita unha atención algo más próxima. A comunicación a través da videochamada das titorías web, habilitada nas aulas virtuais das materias, pode compensar esa carencia.

Ademais da comunicación a través de videotutorías, continuarase a comunicación co alumnado a través do correo da plataforma e a través de chamadas telefónicas, mais restrinxirse a posibilidade de encontros presenciais co profesorado do departamento, a non ser que haxa unha situación excepcional que o requira e sexa debidamente xustificada polo alumnado.

## 8.3. Posibilidade de exames telemáticos

Se a situación epidemiolóxica empeorase e as autoridades sanitarias non autorizasen o alumnado a acudir aos centros de ensino, esta situación non afectaría no fundamental ao ensino das nosas materias a distancia. Como se declara na circular 5/2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas, no curso 2020/21,"Dado que esta modalidade se desenvolve integralmente por medios telemáticos, o peche dos centros educativos ou a suspensión das actividades docentes presenciais non suporán ningún cambio na metodoloxía didáctica, contidos e criterios de avaliación".

O único elemento que habería que adaptar sería a realización dos exames, que están deseñados para ser realizados presencialmente. Neste caso, habilitáfanse probas telemáticas, cuxa estrutura, dadas as características técnicas deste sistema, podería variar a respecto dos presenciais. De darse esa circunstancia, o profesorado do Departamento informaría convenientemente o alumnado deste posible cambio a través das aulas virtuais. As probas realizaríanse a través da plataforma "Cuestionarios" do centro e o alumnado accedería a eles na pestana "Exames" da aula virtual.

#### **8.4. Adaptación do sistema de ensino da hora semanal de Portugués nos ciclos plurilingües**

A prohibición da presencialidade do alumnado no centro si afectaría de maneira significativa á docencia coa que o Departamento colabora nos ciclos formativos plurilingües de 1º e de 2º SMR e na sección bilingüe de 1º de ASIR. Neste caso, as clases, que se imparten en modalidade totalmente presencial, pasarían a impartirse de maneira telemática a distancia mediante o sistema de videoconferencia, a través da plataforma Google Meet e da aula virtual do curso aloxada na plataforma *Mestre* do centro.

#### **8.5. Valoración dos estándares de aprendizaxe e criterios de titulación**

Seguindo as directrices marcadas polo Real Decreto-Lei polo que se aproban medidas urgentes no ámbito da educación non universitaria de 29/09/2020, os estándares de aprendizaxes availables que figuran nesta programación terán o carácter de orientativo e poderán non ser exixidos de maneira íntegra no proceso de avaliación do alumnado.

Por outro lado, o Departamento proporá á dirección que as xuntas de avaliación ofrezan un criterio uniforme, consensuado polos departamentos, que permita a titulación con algunha materia non superada, sempre que o/a alumno/a teña adquiridos suficientemente os obxectivos xerais da etapa que lle permitan continuar o seu itinerario académico e sempre que en ningún caso mostrase unha actitude de abandono a respecto da materia suspensa.

## 9. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino deberá estar dirixido non tanto á transmisión de coñecementos como ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica do curso tanto procedementos, conceptos e actitudes como o traballo das capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir) así como todos os bloques de contidos presentes nos currículos.

A actividade creativa do alumnado é factor decisivo na realización da aprendizaxe. É o/a alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. En todo caso, tentarase que o/a alumno/a sexa o protagonista dentro da aula, e non só un mero receptor de información, para o cal se fomentarán e valorarán as súas iniciativas á hora de propor actividades e desenvolverlas participativamente, de criar os seus propios textos a partir de modelos propostos, de expresar e confrontar as súas opinións críticas sobre os distintos asuntos tratados, etc.

A metodoloxía estará sempre en función do desenvolvemento das competencias clave, incidindo de maneira particular naquelas que se encontran mais presentes nesta materia, basicamente a competencia en comunicación lingüística, mais tamén as competencias para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, social e cidadá e tratamiento da información e competencia dixital; tendo en conta sempre que tanto o proceso de aprendizaxe como o de adquisición de competencias progrésa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o docente actuará como guía e mediador para facilitar a construcción desa aprendizaxe.

Noutra orde de cousas, é importante entender que a profunda transformación que nos últimos anos se vén experimentando na sociedade no campo da adquisición e procesamento da información obriga a adaptar as metodoloxías e estratexias didácticas no ensino. O alumnado, en particular, máis familiarizado coas novas linguaxes comunicativas, manifesta unha receptividade moito máis grande á adquisición de contidos a través dos novos soportes informáticos. O modelo de ensino a distancia debe por tanto aproveitar esta circunstancia para aproveitar a motivación do alumnado. Os recursos informáticos, dos que este centro se encontra moi ben dotado son, pois, unha arma eficaz para, por un lado, captar a atención do alumnado, estimulando a súa motivación e, por outro lado, para convertelo nun elemento máis activo no proceso de aprendizaxe.

Guiados por esta metodoloxía, empregaremos na aula virtual tanto material propio (gravacións, vídeos titoriais, presentacións, foros, exercicios interactivos..) como alleo, mediante ligazóns a aqueles recursos da rede que resulten interesantes. É conveniente salientar a importancia especial que neste modelo de educación a distancia presenta a comunicación entre profesorado e alumnado e mesmo entre o propio alumnado entre si. Para iso, fomentaremos a comunicación polos foros das materias e realizaremos tamén titorías web a través da plataforma virtual do centro.

As orientacións básicas que guían a metodoloxía da nosa materia son as seguintes:

- Ir substituíndo progresivamente as dinámicas de aprendizaxe dedutiva e induutiva por outra de natureza interactiva, máis participativa, creativa e lúdica que reforce a motivación do alumnado e a potencie a súa madurez.
- Reforzar os aspectos prácticos da lingua galega, Ortografía, Fonoloxía e Gramática, poñendo especial atención na nas competencias lingüísticas activas, aproveitando as estruturas lingüísticas que cada alumno/a ten xa interiorizadas para, a partir delas, afianzar o coñecemento gramatical, procurando prescindir na medida no posíbel do hábito dunha explicación teórica.

Con todo, segue entendéndose evidentemente como necesaria a explicación daquelas cuestións que o docente considere imprescindíbeis para unha correcta orientación do trabalho do alumnado. Empregaránse tamén para este fin materiais curriculares elaborados polo docente ou tirados de diversos campos (xornais, televisión, literatura...) que sirvan ao mesmo tempo para achegar a dinámica do curso á realidade en que o alumnado se encontra inmerso. A realización de exercicios de tipo práctico permitirá o afianzamento dos coñecementos lingüísticos.

- Profundar no estudo do Léxico, partindo do coñecemento do vocabulario máis concreto e próximo, ben organizándoo en campos léxicos xerais, de xeito que se tenda a enriquecer o vocabulario de maneira uniforme, ben partindo, de maneira menos sistemática, de textos literarios ou non literarios, láminas, recolleitas da lingua oral, etc.
- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe das linguas, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental (de todo tipo de textos, mais especialmente dos expositivos e argumentativos) e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. As habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.

Para tal fin, promoveránse actividades de lectura, análise e comprensión de textos escritos de natureza moi variada, procurándose alcanzar unha boa competencia na corrección e na comprensión dos contidos e na capacidade para valorar de xeito crítico e persoal a información presente neles.

Tamén se realizarán actividades de producción de textos escritos, igualmente de natureza variada, onde se pretenderá afianzar e progresar no emprego correcto das linguas (aspectos ortográficos e gramaticais), da selección de vocabulario, da textualidade, da organización dos contidos, da adecuación á situación comunicativa e da correcta presentación visual.

- Potenciar, dentro das escassas posibilidades que este sistema de ensino a distancia ofrece, a oralidade, fomentando a participación activa e espontánea do alumnado nas videotitorías. Será importante conseguir que as intervencións orais se desenvolvan, na medida do posíbel, dentro da corrección lingüística, da claridade e corrección na exposición de contidos e argumentos, e participen dun espírito de respecto e tolerancia ante as opinións disparentes. Para isto precisarase crear na aula un bo ambiente de respecto e boa acollida por parte do grupo cara ás intervencións do alumnado.

• Promover a utilización da diversidade de fontes (manuais, enciclopedias, internet...) e recursos para a obtención da información, para realizar unha selección crítica da mesma e empregala para unha correcta elaboración de textos propios, nos que se abra a posibilidade de emitir opinións persoais. Fomentarase o emprego de programas informáticos para a confección de traballos e actividades (procesador de textos e presentacións, basicamente)

• Promover a lectura até a adquisición por parte do alumnado dun hábito lector, importante para o perfeccionamento lingüístico, para o melloramento da capacidade de expresión e para o mellor coñecemento da realidade literaria, cultural e social do noso país. Con esta finalidade proporase a lectura de tres obras de literatura ao longo do curso, ademais doutros textos literarios ou non literarios que serán puntualmente emplegados na dinámica da clase.

Polo que respecta aos contidos de literatura, a metodoloxía emplegada tenderá a partir, na medida do posíbel, do texto literario: da súa comprensión e do seu desfrute. Con frecuencia, o rigor do estudo literario e a excesiva teorización afastan ou dificultan a recreación na lectura, en especial cando aínda non se adquiriu unha suficiente madurez lectora. Isto fai que con frecuencia o alumnado identifique a *literatura* en si co *estudo da literatura* (materiais escritos, explicacións do profesor...) más que co propio texto literario, pensado para o pracer e a reflexión.

Por iso entendemos que o ideal é que o discurso teórico previo estea orientado sempre a facilitar a comprensión do texto e reducirse a dar as claves mínimas necesarias para o alumnado afrontar a lectura. Unha vez lido o texto é cando se debe abordar a reflexión teórica profunda sobre a propia obra, autor, período, situación histórico-social en que foi escrito, etc., deixando que o alumnado, desde a experiencia persoal da súa lectura, colabore activamente na súa elaboración.

## 10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

O proceso do ensino e a práctica docente será avaliado mediante a valoración dos seguintes apartados.

Dimensión	Indicadores	1	2	3	4	5
Planificación	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado					
	5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					
	6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	8. Coordínase co resto do profesorado dos departamentos implicados na materia					
Dimensión	Indicadores	1	2	3	4	5
Desenvolvimento	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema					
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.					
	4. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e solucionar problemas académicos.					

	5. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do currículo.				
	6. Utiliza as TIC para apoiar os contidos na aula.				
	7. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.				
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.				
	9. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)				
Dimensión	Indicadores	1	2	3	4
Seguimiento e avaliação	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar o proceso de ensinanza ao nivel do alumnado.				
	2. Detecta os coñecementos previos do alumnado en cada tarefa de aprendizaxe.				
	3. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e sobre como poder melloralas.				
	4. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.				
	5. Utiliza procedementos e instrumentos variados de recollida de información.				
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliação que atendan de xeito equilibrado á avaliação dos diferentes contidos e das competencias clave				
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavalidación.				
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.				
	10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.				
	11. Informa con claridade dos resultados académicos aos estudiantes e, de darse o caso, aos pais e nais ou titores legais.				
Dimensión	Indicadores	1	2	3	4

Motivación do alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.				
	2. Utiliza recursos motivadores para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).				
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.				
	4. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.				
	5. Estimula a participación activa dos estudiantes na clase.				

Os indicadores de logro mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- 1: Nunca
- 2: Poucas veces
- 3: A miúdo
- 4: Case sempre
- 5: Sempre

## **11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes e deseño da avaliação inicial**

No curso de 1º de Bacharelato non existe a avaliação e seguimento de materias pendentes xa que o alumnado debe acceder a este nivel educativo con todas as materias do curso anterior aprobadas. Tampouco se pode considerar que haxa neste sistema de ensino alumnado de 2º de Bacharelato coa materia de 1º pendente ou alumnado do Módulo III da ESA co módulo II pendente xa que aqueles/as alumnos/as que non superasen esas materias continúan a estar matriculados nelas e son atendidos/as daquela polo profesorado correspondente deses niveis educativos.

As características específicas da educación a distancia e a organización do centro fan que non sexa posible a realización dunha proba de avaliação inicial fóra do calendario de exames establecido polo IES. De todos os xeitos, poderanse analizar os coñecementos previos do alumnado que realice as actividades voluntarias propostas na aula virtual durante as primeiras quincenas do curso. Isto permitirá ir adecuando de maneira progresiva os contidos destas actividades ás necesidades reais do alumnado.

Con todo, o Departamento participará no proceso de adscrición aos módulos da ESA do alumnado de nova incorporación ao centro que non dispoña de acreditación de estudos, que se celebrarán nos meses de outubro (para o curso do 1º cuadrimestre) e febreiro (para o curso do 2º cuadrimestre), que será coordinado polo centro, baixo a supervisión da Inspección Educativa, mediante a realización dunhas probas de avaliação inicial.

## 12. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, de maneira que este poida conseguir alcanzar as competencias clave e os obxectivos deste nivel académico, partindo de situacións individuais diversas.

A modalidade de ensino a distancia na que se adscriben as materias que son obxecto desta programación e a enorme cantidade de alumnos/as que matriculados nela (e mesmo o descoñecemento da súa totalidade, ao estar aínda aberta a matrícula no momento de redactarse esta programación didáctica), condicionan de xeito decisivo a atención individualizada a todo o alumnado.

Por un lado, non existe un contacto directo nas aulas co alumnado que permita detectar problemas ou características especiais (este curso non existirá a posibilidade de realizar titorías presenciais). Tampouco é posible, por outro lado, unha avaliación inicial completa do alumnado, dadas as condicións deste sistema educativo.

A actuación levada a cabo polo profesorado se circunscribirá daquela necesariamente á comunicación a través da aula virtual do centro. A propia estrutura desta aula virtual permite que o propio alumnado vaia adecuando os materiais ofrecidos nela ao seu propio ritmo de traballo e de aprendizaxe, o que redundará nunha mellor adaptación aos contidos curriculares.

Ademais, a posibilidade dunha comunicación directa co/coa profesor/a da materia a través das titorías telemáticas e do foro do curso permitirá unha atención individualizada dos/das alumnos/as na que se solucionen os problemas que a cada un/unha deles/as se lle vaian presentando no seu proceso de aprendizaxe e na que se propoñan estratexias de mellora adaptadas ás características de cada un/unha deles/as.

Por outro lado, no caso de detectarse problemas que afecten de maneira conxunta a parte do alumnado, será posible habilitar na aula virtual algúns contidos complementarios e/ou actividades de reforzo que queden a disposición do alumnado que os precise.

## 13. Concreción dos elementos transversais

Ademais dos contidos específicos de Lingua Galega e Literatura, Segunda Lingua Estranxeira, Ámbito de Comunicación e Ámbito de Comunicación – Inglés, estas materias contribuirán á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso (fundamentalmente nos bloques 1, 2 e 4 do currículo das materias de Lingua Galega e Ámbito da Comunicación) e que, facultativamente, poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito e tarefas diversas. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo destas materias, teñan relación con algúns dos temas da transversalidade.

O docente será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os/as alumnos/as e corrixirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.
- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacóns interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, desfruten dos mesmos dereitos.
- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa; aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar, na medida do posíbel, os compoñentes sexistas no uso da lingua.
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.

- Desfrutar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada.
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares

As características específicas do ensino a distancia no que se enmarcan as materias que son obxecto desta programación non permiten o deseño dun plan de actividades complementarias e extraescolares convencional, no que se conte coa presenza do alumnado para prolongar a tarefa de ensino-aprendizaxe alén do contexto único da aula.

Por tanto, este aspecto quedará reducido á proposta por parte do/da docente á asistencia a actividades que teñan relación con aspectos curriculares da materia (conferencias, exposicións, concertos, teatro, cinema...) ou cos contidos transversais asociados a ela. Tamén se fomentará a participación do alumnado nas actividades colaborativas que se veñen realizando no centro, con outras escolas europeas, a través da plataforma *eTwinning*.

## **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

### **15.1. Aspectos xerais**

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptíbel de ser modificada a partir da experiencia real das aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

**a) A avaliación da programación en si**, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da secuenciación dos mesmos, no nivel de complexidade da metodoloxía empregada no proceso de ensinanza-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC), na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións dos membros do departamento, iranse analizando estas cuestiós e realizaranse as modificacións puntuais que se considere oportunas, xa neste mesmo curso sempre que for posíbel ou, de non selo, tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

**b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación.** Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagólica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, fundamentalmente na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TIC contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a analizar eficacia pedagólica destas estratexias.

- Competencias sociais e cívicas: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente, no foro da materia e nas videotitorías favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en

tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integralas de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia para a conciencia e as expresións culturais: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagólica (e por extensión, na súa vida).

## 15.2. Protocolo de autoavaliación e mellora do Departamento

Segundo as directrices marcadas pola Dirección do Centro, o Departamento continuará este curso o protocolo de autoavaliación e mellora iniciado no curso anterior, co obxectivo de conseguir un mellor nivel de implicación por parte do alumnado na actividade docente e, en consecuencia un maior índice de éxito nas materias impartidas por este Departamento.

Consiste na recollida de información sobre a participación do alumnado no foro de benvida que se habilitará en cada unha das materias, sobre as comunicacións a través da plataforma entre profesorado e alumnado, sobre as porcentaxe do alumnado matriculado que se presenta aos exames de cada avaliación, sobre o índice de aprobados en cada avaliación, que se porá en relación cos resultados doutros cursos e do conxunto das materias impartidas no mesmo nivel educativo, sobre o número de alumnos/as que solicitan a revisión do seu exame, sobre o número de alumnos/as que contestan á enquisa de satisfacción de final de curso e sobre os resultados desta.

Ao final de cada trimestre un informe no que se recollerá toda esa información e se analizarán os resultados para chegar a establecer acordos sobre as medidas oportunas dirixidas á mellora dos resultados académicos. Ditos acordos serán incorporados na memoria final e serán tidos en conta na redacción da programación didáctica do curso seguinte.

## 16. Integrantes do departamento, cargos, distribución de cursos e conformidade con esta programación didáctica

MEMBROS DO DEPARTAMENTO	CARGOS	MATERIAS IMPARTIDAS
Lourenzo Álvarez Ruiz	Xefe do Departamento Coordinador da Sección Bilingüe en lingua portuguesa de 1º de ASIR	Lingua Galega e Literatura II (2º de bacharelato) Segunda Lingua Estranxeira–Portugués II (2º de bacharelato) Portugués nos ciclos plurilingües de 1º e 2º de SMR
María do Carme González Bueno	Titora Coordinadora da ESA	Ámbito da Comunicación con Inglés (Módulo 3 de ESA) Lingua Galega e Literatura I (1º de bacharelato) Segunda Lingua Estranxeira–Portugués I (1º de bacharelato)

Os membros do departamento manifestan o seu acordo con esta programación.



Asdo. Lourenzo Álvarez Ruiz.  
Xefe do Departamento.



Asdo. María do Carme González Bueno.  
Profesora integrante do Departamento.

## 17. Anexo. Contidos elaborados polo Departamento de Francés, referidos ao Ámbito da Comunicación - Francés do Módulo III da ESA

### OBXECTIVOS FRANCÉS. 4º DE ESO

LINGUA ESTRANXEIRA. FRANCES 4º DE ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescorriendo o texto gravado ou solicitando repetición do dito.	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias más adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.  B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles más relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situaciones habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escutar o dito.  B1.3. Comprender o esencial en situaciones que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiáns, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.  B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descripcións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativistas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.  B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predecibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletins meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.	SLEB1.1. <u>Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</u>  SLEB1.2. <u>Captar os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</u>  SLEB1.3. <u>Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntar sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predecibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</u>  SLEB1.4. <u>Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiáns e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</u>  SLEB1.5. <u>Comprende, nunha conversa informal na que participa, descripcións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</u>  SLEB1.6. <u>Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predecibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou</u>	CCL CAA CSC CCEC
c				
d				
i				

			entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de producción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da producción ou da interacción.</p> <p>Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturán-doa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos disponíbiles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante <u>procedementos lingüísticos e paralingüísticos</u>.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificar palabras de significado parecido.</p> <p>Definir ou parafrasear un termo ou expresión.</p> <p>Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Pedir axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, áinda que se cometan errores de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias más adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros más precisos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender áinda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.</p> <p>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e planes, áinda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>	<p>SLEB2.1. <u>Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de cóntes sobre o contido destas.</u></p> <p>SLEB2.2. <u>Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conjunta, facéndose comprender áinda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</u></p> <p>SLEB2.3. <u>Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), segundo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender áinda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</u></p> <p>SLEB2.4. <u>Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poída pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.</u></p>	CCL CAA CSC CCEC  CCL CAA CSC CCEC CD  CCL CAA CSC CCEC CD  CCL CAA CSC CCEC CD  CCL CAA CSC CCEC CD

	<p>comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>		
--	---	--	--

## Bloque 3. Comprensión de textos escritos

a c d e i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacions visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descriptivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos más relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<p>SLEB3.1. <u>Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese</u> e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</p> <p>SLEB3.2. <u>Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</u></p> <p>SLEB3.3. <u>Comprender correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimientos, deseños e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</u></p> <p>SLEB3.4. <u>Entender o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo</u> (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</p> <p>SLEB3.5. <u>Entende información específica esencial en páxinas web e otros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</u></p>	CCL CAA CSC CCEC CD

## Bloque 4: Producción de textos escritos

a c d i	<p>B4.1. Estratexias de producción:</p> <p><b>Planificación:</b></p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso e amosando</p>	<p>SLEB4.1. <u>Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social</u> (por exemplo, con amigos/as otros países); se <u>intercambia información</u>; describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e sushestições (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e <u>se expresan opinións de xeito sinxelo</u>.</p> <p>SLEB4.2. <u>Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afecções</u> (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p> <p>SLEB4.3. <u>Escribe notas e mensaxes en di-</u></p>	CCL CAA CSC CCEC

	<p>os propios textos.</p> <p><b>Execución:</b></p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos disponibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locuções, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, errores e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>interese pola presentación limpia e ordenada do texto.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación más comúns, cun control razonable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>ferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacóns da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía más importantes.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpia e ordenada.</p>	CAA CSC CCEC CD
--	--	---	---	--------------------------

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolíngüisticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estran-</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso más común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razonable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou errores de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Reconocer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a producción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolíngüisticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudio e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersonais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e más básicas nos contextos respectivos.</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poídan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o processo de producción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras lingüas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias lingüas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que</p>	CCL CD CAA CCEC
-----------------------	---	--	--	--------------------------

<p>xeira.</p> <p>Acheitamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións más significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersonais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares más habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e más evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e más significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p><b>B5.4. Plurilingüismo:</b> Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valendo positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b> Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descripción de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descripción de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a</p>	<p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen várias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoientes básicos de devandas funcións e os patróns discursivos de uso más habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>	<p>posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situaciones de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nível escolar e traballados previamente.</b></p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
--	--	---	-------------------------------------

<p>orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde más básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorológico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseológicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sínxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sínxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
---	--	--	--

#### CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS 3º DE ESO

- Expresión de relacóns lóxicas: convención (*non seulement...mais aussi*); disyunción (*ou bien*); oposición/concesión (*cependant*); causa (*car*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que*; (ex: *Il n'est pas aussi intelligent que toi*); consecuencia (*alors, donc*); explicativas (*ainsi, car*).
- Relacóns temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
- Exclamación (*Comment Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!*).
- Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
- Interrogación (*Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles*, pronomes interrogativos (ex. *lequel, laquelle, etc.*), *Ah bon? Moi non, Moi non plus*).
- Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*arriver à faire*); posibilidade/probabilidade (*il est probable que, probablement*); necesidade; obrigación (*c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de*); permiso; intención/desexo (*décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (*anti, hyper*) e sufíxos (-ette, -elle)), pronomes persoais, pronomes demonstrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivas (*où, dont*); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidad: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidad e medidas (*beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieur(s)*); o grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*; pronome "y").
- Expresión do tempo: puntual (tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de divisións (*semestre, période, au moment où*)); indicacóns de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier*,); duración (*encore / ne...plus*); anterioridade (*déjà, ça fait...que*); posterioridade (*ensuite, puis*); secuenciación (*puis, enfin*); simultaneidade (*pendant, alors que*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).
- Expresión do modo: (*Adv. de manière en -ment*).

## GRAO MÍNIMO:

Aquelas realizacións subliñadas nos cadros dos estándares de aprendizaxe de cada curso serán tomadas como graos mínimos. Isto quere dicir que serán necesarias para obter un 5.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### Avaliación sumativa:

Dada a natureza progresiva desta materia na adquisición de coñecementos, todos aqueles contidos e competencias que sexan obxecto de exame en cada cuatrimestre serán incorporados ao exame da avaliación seguinte. Polo tanto no exame do 2º cuatrimestre incorpóranse e súmanse os contidos do 1º aos contidos específicos da mesma.

Na proba ordinaria entran os contidos do curso completo do mesmo xeito que na extraordinaria. Como consecuencia disto, será posible superar o curso aprobando ao 2º cuatrimestre, xa que integrará todo o visto no cuatrimestre anterior.

A nota media do curso será a que resulte superior de entre estas dúas opcións:

- a) A media aritmética dos dous cuatrimestres, redondeada á unidade más próxima e, no caso de equidistancia, á superior.
- b) A nota do 2º cuatrimestre.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

o exame constará de tres partes **con unha puntuación total de 8 puntos, para superar a materia hai que acadar 4 puntos en total**

### EXAMES ESCRITOS :

- PRODUCTION ÉCRITE :3 puntos
- COMPRÉHENSION ÉCRITE: 3 puntos
- EXERCICE DE GRAMMAIRE: 2

---

Debese ter en conta que a nota será a media das tres linguas: lingua castelá ,lingua galega e lingua estranxeira ,neste caso francés, o que lle outorga a cada lingua un 26,66% o 20% restante é dos libros de lectura

Realización dos exames :

**Os exames serán preferentemente presenciais.** No caso de que as circunstancias de crise sanitaria pola que atravesamos o impidan realizaranse exames por medios telemáticos. No caso de que nos días previos á realización do exame fose permitido polas autoridades académicas a súa realización presencial, este non se realizaría de xeito telemático.

**NB: Esta programación está dentro da programación do:AMBITO DE COMUNICACIÓN LINGÜISTICA .que no caso de 4º ESA forma parte da programación de INGLÉS**